

Mercado de traballo e relacións laborais

**2.1.- Actividade, ocupación
e desemprego**

2.2.- Relacións laborais e formación



2.1.- Actividade, ocupación e desemprego

■ A moderada e gradual recuperación da actividade económica ao longo do ano 2014 non imprime o suficiente impulso para acadar a creación de emprego neto en Galicia, en contra do que acontece a nivel estatal.

No ano 2014, o mercado de traballo galego caracterizouse por un descenso apreciable da poboación activa, pola moderación na destrución de emprego, e, por primeira vez dende o comezo da crise económica, pola redución no número de persoas desempregadas. Sen embargo o grupo de desempregados en Galicia segue caracterizándose por unha elevada porcentaxe de desemprego de longa duración e por altas taxas de desemprego xuvenil.

As contratacións iniciais asinadas, tanto indefinidas como temporais, medran no ano 2014. Destacando o incremento do 26% dos contratos indefinidos, impulsados pola aprobación do RDL 3/2014, de 28 de febreiro, de medidas urxentes para o fomento do emprego e a contratación indefinida, no que se aproba unha importante redución das cotiza-

cións sociais para novas contratacións indefinidas en empresas que manteñan o emprego neto ao longo de, ao menos, tres anos.

O contexto de recuperación económica, con taxas de variación do PIB real galego do 0,4%, asóciase co primeiro incremento dende o ano 2008, no número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social. No último ano, o número de afiliacións á Seguridade Social medra un 0,5% en relación ao ano anterior, mentres que en España o incremento foi do 1,6%. Fronte ao incremento no número de afiliados, a ocupación estimada pola EPA no ano 2014 redúcese en Galicia un 0,8%. En termos absolutos, Galicia é a Comunidade Autónoma co maior descenso da ocupación, con 8.400 persoas menos, seguida do País Vasco (8.300 ocupados menos), Madrid (3.200) e Castela-A Mancha (200 menos); as restantes Comunidades Autónomas incrementaron o número de ocupados no último ano.

No que respecta ao desemprego, a poboación parada estimada pola EPA redúcese un



Mercado de traballo 2008-14: principais indicadores

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/13	14/08
	(en miles de persoas)							(%)	
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	1.034,5	1.012,8	985,9	946,2	917,4	921,8	0,5	-14,1
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.407,0	2.406,9	2.403,5	2.395,2	2.382,3	2.368,6	-0,6	-1,4
Poboación activa	1.314,8	1.319,5	1.304,4	1.316,6	1.317,7	1.290,9	1.273,9	-1,3	-3,1
Poboación ocupada	1.201,2	1.155,4	1.104,5	1.089,3	1.047,2	1.006,4	998,0	-0,8	-16,9
Poboación parada	113,6	164,1	199,9	227,2	270,5	284,6	275,8	-3,1	142,8
Poboación parada longa duración	14,7	14,2	35,3	52,0	76,3	100,2	109,9	9,7	648,9
	(%)							(puntos porcentuais)	
Taxa de actividade	54,8	54,8	54,2	54,8	55,0	54,2	53,8	-0,4	-1,0
Taxa de ocupación	50,0	48,0	45,9	45,3	43,7	42,2	42,1	-0,1	-7,9
Taxa de paro	8,6	12,4	15,3	17,3	20,5	22,0	21,7	-0,3	13,1
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	30,4	35,4	37,7	45,2	49,9	48,5	-1,3	27,5
Taxa de temporalidade (%)	30,4	26,5	25,0	24,5	22,9	22,8	22,8	0,0	-7,6
	(en miles de persoas)							(%)	
Paro rexistrado	162,5	206,2	226,2	241,3	270,5	276,0	257,0	-6,9	58,1
Contratos iniciais indefinidos	46,4	37,5	32,5	28,5	30,5	31,5	39,7	26,0	-14,5
Contratos iniciais temporais	706,1	616,1	620,6	617,8	610,2	653,0	724,4	10,9	2,6
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	29,6	27,6	25,2	21,6	22,3	22,1	-0,9	-47,0

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.1.1.

3,1% respecto ao ano anterior, redución importante, aínda que moito menor que a producida a nivel estatal, que foi do 7,3% de media. Xunto co número de parados, outro aspecto relevante é a estrutura do paro, caracterizada por un elevado número de parados de longa duración –máis do 50% dos parados galegos levan máis dun ano na procura de traballo–, así como polas altas taxas de desemprego xuvenil.

No ano 2014, a taxa de paro en Galicia sitúase no 21,7%, en torno a tres puntos menos que a media estatal (24,4%).

A poboación activa galega descende un 1,3% no último ano, 17.100 activos menos. Esta perda de poboación activa, común a case a totalidade das Comunidades Autónomas, no conxunto do Estado é consecuencia case exclusiva da redución na poboación activa de nacionalidade estranxeira. Sen embargo, en Galicia, máis do 80% da perda de activos no ano 2014 é consecuencia do menor número de persoas activas de nacionalidade española.

Dende o comezo da crise económica, a poboación maior de 16 anos descende en Ga-

licia en 32.500 persoas, en concreto a poboación entre 16 e 64 anos se reduce en máis de 80.000 persoas, fronte ao incremento de máis de 48 mil das persoas con máis de 64 anos. No que atinxe aos datos de emprego, o número de afiliados en alta laboral á Seguridade Social reduciuse en 150.700 persoas, descendendo a ocupación estimada en torno ás 203.200 persoas. O desemprego medra aproximadamente en 162.200 persoas (94.448 segundo os datos do servizo público de emprego).

Doutra banda, se no ano 2008 o 14,8% dos parados levaban máis de dous anos na procura de emprego, esta porcentaxe situábase no 39,8% no ano 2014. Asemade, cómpre mencionar que a taxa de paro xuvenil sitúase no último ano no 48,5%, fronte ao 21,1% de menores de 25 anos en situación de desemprego que se rexistraban en Galicia no ano 2008.

Afiliacións á Seguridade Social

A evolución dos datos de afiliación á Seguridade Social mostra no último ano signos de cambio. Fronte aos datos negativos dos





Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-14 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,64
2009	1.034,5	433,5	129,4	108,6	362,9	18.020,5	5,74
2010	1.012,8	426,9	126,8	106,7	352,4	17.670,4	5,73
2011	985,9	417,2	124,3	104,4	340,1	17.433,2	5,66
2012	946,2	402,4	119,3	100,4	324,2	16.853,2	5,61
2013	917,4	391,2	114,8	98,0	313,4	16.299,5	5,63
2014	921,8	393,9	115,0	98,2	314,8	16.556,0	5,57
xaneiro	898,8	385,2	112,0	96,1	305,6	16.101,6	5,58
febreiro	901,3	386,0	112,3	96,5	306,6	16.168,5	5,57
marzo	905,6	387,4	113,1	96,6	308,5	16.269,7	5,57
abril	906,3	387,3	113,2	96,5	309,2	16.420,9	5,52
maio	917,0	392,6	114,5	97,5	312,4	16.643,4	5,51
xuño	918,6	392,3	114,9	97,6	313,9	16.555,8	5,55
xullo	935,4	397,8	117,3	99,1	321,2	16.605,1	5,63
agosto	940,3	399,4	118,0	100,3	322,6	16.611,1	5,66
setembro	931,4	395,9	116,4	100,0	319,1	16.565,9	5,62
outubro	926,6	396,8	115,5	98,6	315,6	16.575,1	5,59
novembro	928,8	397,8	115,0	98,5	317,5	16.731,2	5,55
decembro	915,7	391,6	114,6	98,0	311,4	16.651,9	5,50
	(taxas de variación interanual)						
14/13	0,5	0,7	0,1	0,2	0,5	1,6	
xaneiro	-1,0	-0,7	-2,2	-0,9	-0,8	0,1	
febreiro	-0,5	-0,4	-1,4	-0,5	-0,4	0,5	
marzo	-0,2	-0,2	-0,8	-0,7	0,2	0,6	
abril	0,0	0,1	-0,6	-0,5	0,1	1,4	
maio	0,7	1,2	0,5	0,0	0,4	2,2	
xuño	0,3	0,9	0,5	-0,1	-0,2	1,3	
xullo	1,0	1,4	0,9	0,4	0,8	2,0	
agosto	1,2	1,4	1,1	1,1	0,9	2,1	
setembro	1,1	1,3	1,1	1,2	0,9	2,0	
outubro	1,6	1,6	1,4	0,9	1,8	2,4	
novembro	1,3	1,2	1,0	0,6	1,8	2,6	
decembro	1,1	1,0	1,1	0,9	1,3	2,4	
14/08	-14,1	-11,7	-13,6	-11,8	-17,6	-12,9	

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Afiliación de trabajadores a la Seguridad Social*

2.1.2.

anos 2012 e 2013, os datos medios mensuais de afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia mostran cifras cada mes menos negativas, nos tres primeiros meses do ano 2014, para pasar a taxas de variación interanuais positivas a partir do mes de abril.

A media anual de afiliación no ano 2014 é de 921.800 persoas, o que representa un incremento de 4.400 afiliados en relación ao ano anterior, e supón tamén un cambio no proceso de continua destrución de emprego no mercado laboral galego dende o ano 2008. Sen embargo, o número de afi-

liados á Seguridade Social en Galicia no ano 2014 segue sendo un 14,1% inferior ao existente no ano 2008 (150.700 afiliacións menos).

A taxa media de variación da afiliación en Galicia é do 0,5%, positiva, aínda que moito menor que a taxa media do conxunto do Estado, que se sitúa no 1,6% no ano 2014. Porén, os afiliados á Seguridade Social en Galicia pasan de representar o 5,63% do total estatal no ano 2013 ao 5,57% no ano 2014.

A provincia de A Coruña foi onde máis se in-



Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

	2008	2009	2010	2011	2012 (2)	2013	2014	14/13
								(%)
Total	1.077.918	1.034.468	1.012.789	985.950	946.229	917.355	921.838	0,5
Réxime Xeral (2)	790.747	755.564	740.686	718.228	699.697	681.384	684.176	0,4
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	755.564	740.686	718.228	678.793	649.550	652.181	0,4
S.E. Agrario	-	-	-	-	4.759	4.455	4.525	1,6
S.E.E. Fogar	-	-	-	-	16.145	27.379	27.470	0,3
Réxime Especial Autónomos	236.669	229.042	222.992	218.964	215.867	213.870	216.060	1,0
non S.E.T.A	..	188.726	185.989	184.396	183.112	182.686	186.238	1,9
S.E.T.A	..	40.316	37.003	34.568	32.754	31.184	29.822	-4,4
Réxime Especial Agrario	4.480	4.475	4.548	4.743	-	-	-	-
conta allea	4.480	4.475	4.548	4.743	-	-	-	-
contra propia	-	-	-	-	-	-	-	-
Réxime Especial do Mar	25.563	24.718	24.127	23.661	23.079	22.100	21.602	-2,3
conta allea	14.385	13.801	13.529	13.366	13.041	12.469	12.126	-2,8
contra propia	11.178	10.916	10.598	10.295	10.038	9.632	9.476	-1,6
Réxime Minería do Carbón	41	18	12	7	1	-	-	-
Réxime Especial Empregados Fogar	20.417	20.651	20.424	20.346	7.585	-	-	-
Continuos	12.332	12.410	12.019	11.897	4.087	-	-	-
Discontinuos	8.086	8.242	8.404	8.449	3.498	-	-	-


(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.3.

Afiliacións á Seguridade Social 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo sectores de actividade



(1) taxas de variación das medias anuais

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.4.

crementou a afiliación neste último ano, con 2.700 persoas máis en alta laboral na Seguridade Social, seguida da provincia de Pontevedra, con 1.400 altas máis (**cadro 2.1.2.**). As catro provincias galegas incrementaron a súa afiliación media no ano 2014.

2014, a provincia de Pontevedra presenta a evolución máis negativa. Na dita provincia perdéronse, dende o ano 2008, máis de 67.000 altas, o que supón unha diminución do 17,6% dos afiliados en alta laboral que de media existen na provincia no citado período.

Analizando a afiliación no período 2008-

Os sete grandes concellos galegos (A Co-





Afiliacións á Seguridade Social 2013-14: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2013	2014	14/13
			(%)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	104.012	104.308	0,3
56 Servizos de comidas e bebidas	59.734	61.291	2,6
86 Actividades sanitarias	54.969	55.821	1,5
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	55.763	55.114	-1,2
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	45.331	45.456	0,3
43 Actividades de construción especializada	43.445	43.843	0,9
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	41.400	40.487	-2,2
85 Educación	33.943	37.738	11,2
49 Transporte terrestre e por tubaxe	29.678	29.687	0,0
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	27.944	28.030	0,3
10 Industria da alimentación	26.508	27.131	2,4
81 Servizos a edificios e actividades de xardinería	24.626	24.420	-0,8
41 Construción de edificios	24.595	23.559	-4,2
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	20.792	20.700	-0,4
03 Pesca e acuicultura	19.965	19.500	-2,3
96 Outros servizos persoais	17.245	17.388	0,8
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	14.421	13.658	-5,3
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	13.818	13.569	-1,8
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.193	13.426	1,8
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	10.461	10.573	1,1
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	11.289	10.452	-7,4
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	8.718	10.396	19,2
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	9.884	9.912	0,3
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	9.265	9.790	5,7
87 Asistencia en establecementos residenciais	9.416	9.762	3,7
14 Confección de roupa de vestir	9.839	9.500	-3,4
55 Servizos de aloxamento	8.307	8.435	1,5
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	8.127	7.894	-2,9
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	7.467	7.781	4,2
78 Actividades relacionadas co emprego	6.929	7.779	12,3
94 Actividades asociativas	6.875	6.726	-2,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	7.219	6.684	-7,4
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	6.039	6.294	4,2
66 Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	5.754	6.095	5,9
74 Outras actividades profesionais, científicas técnicas	5.305	6.056	14,2
30 Fabricación doutro material de transporte	6.175	5.873	-4,9
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5.572	5.651	1,4
80 Actividades de seguranza e investigación	5.013	4.964	-1,0
95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	4.711	4.608	-2,19
42 Enxeñaría civil	4.247	4.314	1,58
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n	4.224	4.300	1,80

(1) ramas CNAE 2009; dende o ano 2009.
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

■ 2.1.5.

ruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) suman o 37,1% dos traballadores residentes afiliados á Seguridade Social en Galicia, sendo Vigo, con 95.919, e A Coruña, con 80.906, os concellos onde residen un maior número de afiliados.

En 2014 setenta e catro de cada cen traballadores afiliados en alta laboral pertencían ao réxime xeral e 23 de cada 100, ao réxime especial dos traballadores autónomos. En termos absolutos, un total de 684.176 persoas estaban afiliadas no réxime xeral,

2.792 persoas máis que no ano anterior, e 216.060 traballadores o estaban no réxime especial de autónomos, 2.190 máis que no ano precedente (**cadro 2.1.3.**). Co 23,4% do total de afiliados á Seguridade Social en Galicia no ano 2014, o réxime especial de autónomos aporta o 48,8% do incremento experimentado na afiliación no último ano.

A desagregación sectorial da evolución do número de afiliados mostra que o incremento na afiliación no último ano prodúcese, exclusivamente, no sector servizos, reducíndose con distinta intensidade a afiliación no sector



primario, industria e construción. O sector servizos incrementa o total de afiliados un 1,5% en relación ao ano anterior (0,6% de incremento medio en Galicia). Este incremento supón en torno a 9.300 afiliados máis, que compensan o descenso de 2.200 afiliados no sector industrial, de 1.000 afiliados no sector primario e de 570 na construción.

No período 2008-2014 o sector da construción reduciu o seu número de afiliacións un 48%, máis de 66.000 persoas, seguido polo conxunto das ramas industriais cun 25,4%, case 45.000 afiliacións menos.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, aquelas que no ano 2014 teñen máis de 10.000 afiliados acollen en conxunto o 76,9% da afiliación en Galicia. O **cadro 2.1.5.** reflicte que as maiores caídas de afiliacións se corresponden coas actividades de "Construción de edificios", cunha redución de máis de mil afiliacións, seguida das actividades de "Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións" e "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semiremolques", con reducións en torno aos 800 afiliados. Por contra, salientan os incrementos experimentados no caso da "Educación", nas "Actividades administrativas de oficina" e nos "Servizos de comidas e bebidas", con 3.795, 1.678 e 1557 afiliacións máis, respectivamente.

Emprego segundo a EPA

O débil crecemento no ano 2014 reflíctese nos datos que proporciona a *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) para Galicia, cun descenso da poboación activa e da poboación ocupada estimada que matiza o primeiro descenso da taxa de paro dende o comezo da crise económica.

● Poboación activa

A semellanza do acontecido no ano anterior, 2014 presenta novamente unha redución da

poboación activa galega, cunha caída do 1,3%, descenso superior en tres décimas á media estatal. No último ano, estímase que a poboación activa galega era de 1.273.900 persoas, 17.100 activos menos que no ano anterior, dos que 668.900 son homes e 605.000 mulleres. Este descenso explícase fundamentalmente pola caída da poboación activa masculina con nacionalidade española, que, con 15.100 activos menos, supón o 83,5% do descenso total.

No que respecta á poboación activa feminina, no último ano esta descendeu en 2.900 persoas, mais o descenso corresponde exclusivamente á poboación feminina estranxeira, xa que a poboación activa feminina con nacionalidade española medrou en 900 persoas no último ano en Galicia.

Dende o ano 2008, a poboación activa descende en 41.000 persoas, un 3,1%, rexistrándose esta caída tan só no caso dos homes, con 56.700 activos menos. A poboación activa feminina medra no conxunto do Estado un 6,6%, sendo esta taxa de crecemento do 2,7% (15.850 mulleres) en Galicia. Asemade, o **cadro 2.1.7.** reflicte que mentres que na Comunidade Autónoma se produce un descenso da poboación española e estranxeira (38.275 e 2.675 activos menos, respectivamente), no conxunto do Estado tan só se reduce a poboación activa estranxeira (18,1%).

Finalmente, o **cadro 2.1.8.** reflicte que no período 2008-2014 as taxas de actividade en Galicia e en España se manteñen en niveis en torno ao 54% e o 60%, respectivamente. Se no último ano o descenso da taxa de actividade (catro décimas) se produce no caso da taxa masculina (nove décimas), xa que a taxa feminina permanece practicamente estable, entre os dous extremos da serie a taxa de actividade redúcese en máis de catro puntos porcentuais no caso dos homes medrando case dous puntos no das mulleres.





Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2014: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	2.368,6	1.273,9	998,0	275,8	250,5	25,4	1.094,7	53,8	42,1	21,7
A Coruña	977,3	538,4	430,9	107,5	97,6	9,8	438,9	55,1	44,1	20,0
Lugo	300,9	154,8	125,4	29,4	26,9	2,5	146,1	51,4	41,7	19,0
Ourense	281,9	133,4	104,9	28,5	25,4	3,0	148,5	47,3	37,2	21,4
Pontevedra	808,5	447,4	336,8	110,5	100,6	10,0	361,2	55,3	41,7	24,7
España	38.514,6	22.954,6	17.344,2	5.610,4		551,0	15.560,0	59,6	45,0	24,4
Galicia / España	6,1	5,5	5,8	4,9		4,6	7,0			
14/13										
Galicia	-0,6	-1,3	-0,8	-3,1	-4,2	10,4	0,3			
España	-0,3	-1,0	1,2	-7,3		1,7	0,7			

Homes

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.134,2	668,9	524,3	144,6	133,5	11,1	465,3	59,0	46,2	21,6
A Coruña	465,3	281,3	223,6	57,6	52,6	5,1	184,1	60,5	48,1	20,5
Lugo	145,3	81,1	66,4	14,7	13,6	1,2	64,2	55,8	45,7	18,1
Ourense	135,4	69,0	54,5	14,5	13,3	1,1	66,4	51,0	40,3	21,0
Pontevedra	388,1	237,5	179,7	57,8	54,0	3,8	150,6	61,2	46,3	24,3
España	18.774,5	12.359,1	9.442,7	2.916,5		250,9	6.415,3	65,8	50,3	23,6
Galicia / España	6,0	5,4	5,6	5,0		4,4	7,3			
14/13										
Galicia	-0,6	-2,1	-1,2	-5,2	-5,9	5,7	1,6			
España	-0,5	-1,3	1,4	-9,0		4,1	1,2			

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.234,4	605,0	473,7	131,2	117,0	14,2	629,5	49,0	38,4	21,7
A Coruña	511,9	257,1	207,3	49,8	45,1	4,8	254,8	50,2	40,5	19,4
Lugo	155,6	73,7	59,0	14,7	13,3	1,4	81,9	47,4	37,9	19,9
Ourense	146,5	64,4	50,4	14,0	12,1	1,9	82,1	44,0	34,4	21,7
Pontevedra	420,4	209,9	157,1	52,8	46,6	6,2	210,6	49,9	37,4	25,2
España	19.740,1	10.595,4	7.901,5	2.693,9		300,2	9.144,7	53,7	40,0	25,4
Galicia / España	6,3	5,7	6,0	4,9		4,7	6,9			
14/13										
Galicia	-0,5	-0,5	-0,4	-0,7	-2,2	14,5	-0,6			
España	-0,2	-0,7	1,0	-5,3		-0,3	0,4			

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.6.



Poboación activa en Galicia e España 2008-14: distribución segundo nacionalidade e sexo

	2008	2009	2010	Total 2011	2012	2013	2014	14/08
Total				(en miles de persoas)				(%)
España	23.065,6	23.260,4	23.364,6	23.434,1	23.443,7	23.190,1	22.954,6	-0,5
Galicia	1.314,8	1.319,5	1.304,4	1.316,6	1.317,7	1.290,9	1.273,9	-3,1
Homes								
España	13.124,8	13.032,7	12.959,4	12.858,4	12.739,6	12.521,4	12.359,1	-5,8
Galicia	725,6	714,0	705,6	703,0	700,2	683,1	668,9	-7,8
Mulleres								
España	9.940,8	10.227,8	10.405,2	10.575,7	10.704,2	10.668,8	10.595,4	6,6
Galicia	589,1	605,4	598,8	613,5	617,5	607,9	605,0	2,7


	2008	2009	2010	Españois 2011	2012	2013	2014	14/08
Total				(en miles de persoas)				(%)
España	19.628,5	19.716,5	19.866,8	20.021,9	20.154,8	20.132,5	20.138,0	2,6
Galicia	1.253,1	1.252,8	1.238,4	1.250,4	1.249,9	1.229,0	1.214,8	-3,1
Homes								
España	11.209,2	11.074,4	11.076,2	11.062,2	11.017,4	10.936,5	10.885,8	-2,9
Galicia	694,4	678,7	671,7	668,6	666,6	653,4	638,3	-8,1
Mulleres								
España	8.419,4	8.642,0	8.790,6	8.959,7	9.137,4	9.196,0	9.252,3	9,9
Galicia	558,7	574,1	566,7	581,8	583,4	575,6	576,6	3,2

	2008	2009	2010	Estranxeiros 2011	2012	2013	2014	14/08
Total				(en miles de persoas)				(%)
España	3.437,1	3.544,0	3.497,8	3.412,2	3.288,9	3.057,7	2.816,5	-18,1
Galicia	61,7	66,7	66,0	66,2	67,8	61,9	59,0	-4,4
Homes								
España	1.915,6	1.958,3	1.883,3	1.796,2	1.722,1	1.584,9	1.473,4	-23,1
Galicia	31,2	35,3	33,9	34,4	33,6	29,7	30,6	-1,9
Mulleres								
España	1.521,4	1.585,7	1.614,5	1.616,0	1.566,8	1.472,8	1.343,2	-11,7
Galicia	30,4	31,4	32,1	31,8	34,2	32,2	28,4	-6,6

Fonte: INE, EPA

2.1.7.

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-14: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

2.1.8.



Poboación maior de 16 anos 2013-14: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2013			2014			14/13			Galicia / España 2014		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)						(%)					
Total												
Total	2.382,3	1.141,1	1.241,2	2.368,6	1.134,2	1.234,4	-0,6	-0,6	-0,5	6,1	6,0	6,3
Activos	1.290,9	683,1	607,9	1.273,9	668,9	605,0	-1,3	-2,1	-0,5	5,5	5,4	5,7
Poboación ocupada	1.006,4	530,6	475,8	998,0	524,3	473,7	-0,8	-1,2	-0,4	5,8	5,6	6,0
Poboación parada	284,6	152,5	132,1	275,8	144,6	131,2	-3,1	-5,2	-0,7	4,9	5,0	4,9
Parados que xa traballaron	261,6	141,9	119,6	250,5	133,5	117,0	-4,2	-5,9	-2,2	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	23,0	10,5	12,4	25,4	11,1	14,2	10,4	5,7	14,5	4,6	4,4	4,7
Poboación inactiva	1.091,4	458,0	633,3	1.094,7	465,3	629,5	0,3	1,6	-0,6	7,0	7,3	6,9
16-19 anos												
Total	85,6	44,0	41,6	83,6	43,0	40,5	-2,3	-2,3	-2,6	4,9	4,9	4,9
Activos	7,9	4,7	3,2	8,6	4,7	3,9	8,9	0,0	21,9	3,4	3,3	3,5
Poboación ocupada	2,8	1,8	0,9	2,8	1,6	1,1	0,0	-11,1	22,2	3,5	3,3	3,6
Poboación parada	5,1	2,8	2,3	5,9	3,1	2,8	15,7	10,7	21,7	3,4	3,3	3,5
Parados que xa traballaron	1,6	1,0	0,6	1,5	0,7	0,7	-6,3	-30,0	16,7	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	3,5	1,8	1,6	4,4	2,4	2,0	25,7	33,3	25,0	3,4	3,5	3,3
Poboación inactiva	77,8	39,3	38,4	75,0	38,3	36,7	-3,6	-2,5	-4,4	5,1	5,2	5,1
20-24 anos												
Total	125,3	63,7	61,6	121,0	61,7	59,3	-3,4	-3,1	-3,7	5,2	5,2	5,2
Activos	66,3	35,0	31,3	62,0	33,4	28,6	-6,5	-4,6	-8,6	4,6	4,7	4,5
Poboación ocupada	34,4	17,6	16,8	33,6	17,9	15,8	-2,3	1,7	-6,0	5,0	5,1	4,9
Poboación parada	31,9	17,4	14,5	28,3	15,5	12,8	-11,3	-10,9	-11,7	4,2	4,3	4,1
Parados que xa traballaron	21,2	11,8	9,5	17,9	10,1	7,8	-15,6	-14,4	-17,9	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	10,6	5,6	5,0	10,4	5,4	5,0	-1,9	-3,6	0,0	4,2	4,2	4,3
Poboación inactiva	59,0	28,7	30,3	59,0	28,3	30,7	0,0	-1,4	1,3	6,0	6,0	6,0
25-54 anos												
Total	1.195,4	596,8	598,5	1.177,2	587,4	589,9	-1,5	-1,6	-1,4	5,6	5,6	5,7
Activos	1.023,8	536,3	487,6	1.008,1	525,1	483,1	-1,5	-2,1	-0,9	5,5	5,4	5,7
Poboación ocupada	805,4	421,2	384,0	796,4	416,8	379,5	-1,1	-1,0	-1,2	5,7	5,5	5,9
Poboación parada	218,5	114,8	103,7	212,0	108,3	103,8	-3,0	-5,7	0,1	5,1	5,1	5,1
Parados que xa traballaron	210,2	111,8	98,2	202,1	104,9	97,0	-3,9	-6,2	-1,2	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	8,4	3,1	5,4	9,9	3,3	6,6	17,9	6,5	22,2	5,9	6,3	5,8
Poboación inactiva	171,3	60,5	110,8	169,0	62,4	106,7	-1,3	3,1	-3,7	6,4	8,0	5,7
> 55 anos												
Total	976,1	436,5	539,4	986,8	442,1	544,7	1,1	1,3	1,0	7,3	7,1	7,4
Activos	192,9	107,1	85,7	195,1	105,7	89,3	1,1	-1,3	4,2	6,2	5,9	6,6
Poboación ocupada	163,8	89,7	74,1	165,4	88,1	77,3	1,0	-1,8	4,3	6,5	6,2	7,0
Poboación parada	29,0	17,4	11,7	29,7	17,6	12,0	2,4	1,1	2,6	4,9	5,0	4,7
Parados que xa traballaron	28,5	17,3	11,3	29,0	17,6	11,5	1,8	-	1,8	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	0,5	0,1	0,4	0,6	0,1	0,6	20,0	0,0	50,0	6,0	14,3	6,5
Poboación inactiva	783,2	329,6	453,7	791,7	336,4	455,4	1,1	-	0,4	7,6	7,6	7,5

Fonte: IGE, EPA

2.1.9.

● Poboación ocupada

No ano 2014, por primeira vez dende o ano 2002 (primeiro ano da serie EPA), a ocupación media en Galicia se sitúa por debaixo do millón de persoas, con 998.000 ocupados. En relación ao ano anterior, a taxa de variación da poboación ocupada continúa sendo negativa, pero máis moderada, situándose no -0,8%, aproximadamente 8.400 persoas ocupadas menos. En España no último ano a poboación ocupada medra un 1,2%, 205.000 ocupados máis que en

2013. Das ditas 8.400 persoas ocupadas menos en Galicia, 6.300 son homes, o que supón un descenso do 1,2% na ocupación masculina fronte ao 0,4% de descenso na poboación ocupada feminina (2.100 persoas). A taxa de ocupación en Galicia situouse no último ano no 42,1%, sendo esta taxa de 46,2% no caso dos homes, case oito puntos superior á estimada para a ocupación feminina (38,3%).

A diferenza do acontecido no ano 2013, cando o descenso de ocupación foi xenera-



lizado indistintamente do grupo de idade e do sexo, no ano 2014 as perdas de ocupación concéntranse nas persoas entre 20 e 54 anos, incrementándose o número de ocupados maiores de 55 anos e permanecendo estable os ocupados entre 16 e 19 anos (**cadro 2.1.9.**).

O grupo de idade cun maior descenso en termos absolutos na súa ocupación foi o das persoas entre 25 e 34 anos, con 11.200 ocupados menos, fronte ao incremento en 3.500 ocupados entre 45 e 54 anos, dos que 2.600 eran mulleres, ou o incremento de 1.600 ocupados de máis de 55 anos, onde o incremento de mulleres ocupadas de esa idade (3.300 máis) compensa a perda de ocupación masculina (1.700 menos). O descenso do 0,8% da poboación ocupada en Galicia confronta co incremento do 1,2% estimado para o conxunto do Estado, polo que o peso porcentual da poboación ocupada galega sobre o total estatal descende unha décima ata sitúase no 5,8%.

A nivel sectorial, tal como mostra o **cadro 2.1.10.**, a ocupación na agricultura e na construción descende en Galicia no ano 2014, fronte ao incremento na industria e no sector servizos. O aumento da ocupación nos ditos sectores é reducido, con incrementos de menos de medio punto porcentual, e moito menores aos que se producen de media no Estado.

A ocupación no **sector primario** reduciuse un 11% en Galicia, o que supón a perda de 8.300 persoas ocupadas no ano 2014, acumulándose dende o ano 2008, 30.500 persoas ocupadas menos. A destrución de emprego no sector primario galego en 2014 foi, en termos porcentuais, a máis importante dos catro sectores de actividade económica, o que contrasta coa estabilidade da ocupación do sector a nivel estatal (**cadro 2.1.11.**).

A **construción** é o segundo sector que perde emprego en Galicia no ano 2014, aínda que

Poboación ocupada en Galicia e España 2014

Total

Sectores económicos

Agricultura

Industria

Construción

Servizos

Situación profesional

Traballadores por conta propia

Empregador

Empresarios sen asalariados

Membros cooperativas

Axudas familiares

Asalariados

Sector público

Sector privado

Outra situación

Ocupación

Directores e xerentes

Técnicos e profesionais científicos e intelect.

Técnicos e profesionais de apoio

Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.

Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.

Trab. cualificado no sector primario

Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operad.

Operadores

Ocupacións elementais

Ocupacións militares

Grupos de idade

16-19 anos

20-24 anos

25-34 anos

35-44 anos

45-54 anos

55 e máis anos

Nivel de formación acadado (1)

Analfabetos

Educación primaria

Educación. secundaria

Educación superior

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1º de ESO. Fonte: INE, EPA

2.1.10.

se observa unha estimable moderación na caída da ocupación, situándose en taxas do 3,1% de perda fronte ás referidas no ano 2013, cando a ocupación na construción baixaba a taxas próximas ao 13%. Entre os anos 2008 e 2014, a ocupación descendeu un 50%, 67.100 ocupados menos.

O **sector industrial** incrementa, aínda que levemente, por primeira vez dende o ano 2008 –agás un incremento no ano 2011–, o





014: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

Galicia			España			Galicia/España			Galicia 14/13				
Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total		
(en miles de persoas)						(%)							
524,3	473,7	998,0	9.442,7	7.901,5	17.344,2	5,6	6,0	5,8	▼	-1,2	-0,4	-0,8	
40,9	25,2	66,1	558,4	177,4	735,8	7,3	14,2	9,0	▼	-5,3	-19,0	-11,2	
110,0	44,0	154,0	1.795,2	584,8	2.379,9	6,1	7,5	6,5		2,4	-4,1	0,5	
62,7	4,4	67,1	910,2	83,3	993,5	6,9	5,3	6,8		-4,4	22,2	-3,2	
310,7	400,0	710,7	6.178,9	7.056,0	13.234,9	▼	5,0	5,7	5,4	▼	-1,1	1,2	0,2
132,6	85,7	218,4	2.027,1	1.024,0	3.051,1	6,5	8,4	7,2		-3,9	-7,9	-5,5	
43,4	21,8	65,2	603,3	274,0	877,3	7,2	8,0	7,4		0,0	4,3	1,4	
84,0	59,7	143,7	1.365,9	680,6	2.046,5	6,1	8,8	7,0		-5,7	-11,8	-8,3	
1,1	1,0	2,1	16,7	7,7	24,5	6,6	13,0	8,6		10,0	-9,1	0,0	
4,2	3,2	7,4	41,1	61,7	102,8	10,2	5,2	7,2		-6,7	-3,0	-6,3	
391,6	387,9	779,5	7.411,0	6.874,8	14.285,8	5,3	5,6	5,5	▼	-0,3	1,4	▼	0,5
80,7	102,0	182,7	1.359,3	1.566,5	2.925,8	5,9	6,5	6,2		0,6	5,7	▼	3,3
310,9	285,9	596,8	6.051,7	5.308,3	11.360,0	5,1	5,4	5,3		-0,5	-0,1	▼	-0,3
0,1	0,1	0,2	4,6	2,7	7,3	2,2	3,7	2,7					
24,4	11,9	36,2	537,8	240,3	778,1	4,5	5,0	4,7		-6,9	7,2		-2,9
71,4	97,7	169,0	1.369,7	1.665,7	3.035,4	5,2	5,9	5,6		8,3	10,1		9,2
58,5	34,7	93,2	1.137,3	707,0	1.844,3	5,1	4,9	5,1		-7,7	-7,7		-7,7
26,3	56,0	82,3	598,0	1.162,7	1.760,7	4,4	4,8	4,7		-3,3	-4,8		-4,2
79,0	150,6	229,6	1.669,4	2.355,1	4.024,5	4,7	6,4	5,7		-5,0	0,1		-1,8
32,3	22,4	54,7	357,1	82,6	439,6	9,0	27,1	12,4		-8,0	-22,8		-14,7
121,6	15,2	136,9	1.740,7	150,7	1.891,5	7,0	10,1	7,2		1,0	24,6		3,2
67,3	15,0	82,2	1.116,7	159,7	1.276,4	6,0	9,4	6,4		-4,7	-2,6		-4,3
37,4	70,1	107,4	833,7	1.364,5	2.198,1	4,5	5,1	4,9		12,7	-2,8		1,9
6,2	0,2	6,4	82,4	13,1	95,6	7,5	1,5	6,7		14,8	-50,0		10,3
1,6	1,1	2,8	48,7	30,7	79,4	3,3	3,6	3,5		-11,1	22,2		0,0
17,9	15,8	33,6	349,4	319,8	669,2	5,1	4,9	5,0		1,7	-6,0		-2,3
109,7	104,2	213,9	2.042,0	1.884,4	3.926,4	5,4	5,5	5,4		-4,9	-5,0		-5,0
166,6	147,7	314,4	3.031,7	2.498,3	5.530,0	5,5	5,9	5,7		0,1	-1,1		-0,4
140,5	127,5	268,0	2.540,7	2.069,7	4.610,4	5,5	6,2	5,8		0,6	2,1		1,3
88,0	77,4	165,4	1.430,2	1.098,6	2.528,8	6,2	7,0	6,5		-1,9	4,5		1,0
0,3	0,3	0,6	21,2	20,2	41,4	1,4	1,5	1,4		0,0	50,0		20,0
29,3	28,5	57,8	741,0	518,5	1.259,5	4,0	5,5	4,6		-9,3	-14,2		-11,8
304,9	231,5	536,4	5.071,6	3.684,9	8.756,5	6,0	6,3	6,1		-2,0	-2,6		-2,3
189,9	213,3	403,2	3.608,9	3.677,9	7.286,8	5,3	5,8	5,5		1,7	4,2		3,0

etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado

seu número de ocupados, con 700 ocupados máis que o estimado no ano anterior. O número total de ocupados é de 154.100 persoas, o 15,4% da ocupación total galega. A pesar dos citados aumentos de ocupación nos anos 2011 e 2014, o sector perdeu dende o ano 2008 un total de 61.000 ocupados, un 28,4% do total do sector.

No que atinxe ao **sector servizos**, no último ano había un total de 710.700 ocupa-


dos, o que supón o primeiro incremento na ocupación dende o ano 2008, con 1.300 ocupados máis, un 0,2% máis. No período 2008-2014 o sector servizos perde 44.700 ocupados, o 5,9% do total; dado que sete de cada dez ocupados en Galicia pertencen ao sector servizos, o incremento na ocupación no último ano resulta moi salientable, aínda que de menor intensidade que o incremento medio no Estado, onde a ocupación neste sector medrou un 1,7%.



Poboación ocupada en Galicia e España 2008-14: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
	(en miles de persoas)							
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2009	94,8	195,7	116,3	748,6	788,1	2.807,6	1.889,8	13.621,4
2010	88,3	172,7	104,9	738,7	786,1	2.650,5	1.651,4	13.636,6
2011	83,5	176,4	91,3	738,1	755,3	2.604,7	1.403,9	13.657,6
2012	79,5	164,9	79,3	723,4	743,4	2.483,7	1.161,3	13.244,2
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2014	66,1	154,0	67,1	710,7	735,8	2.379,9	993,5	13.234,9
I	67,5	150,5	65,3	699,5	809,1	2.298,6	942,1	12.900,8
II	65,9	151,1	67,3	707,2	739,3	2.355,3	979,0	13.279,4
III	67,7	159,2	68,4	722,1	666,1	2.427,1	1.022,5	13.388,2
IV	63,3	155,4	67,6	714,1	728,9	2.438,8	1.030,4	13.371,0
2014-08	-31,5	-28,4	-50,0	-5,9	-11,2	-26,5	-59,6	-5,1

Taxas de variación 2008-14



Fonte: INE, EPA

2.1.11.

A maior caída de emprego no ano 2014 dentro do sector servizos prodúcese nas actividades de "Comercio por xunto e polo miúdo", con 8.300 ocupados menos (2,9%). Entre os anos 2008 e 2014 as actividades de comercio perderon 35.100 empregos (11%), seguido polas "Actividades financeiras e de seguros", con 2.800 ocupados menos.

Atendendo á desagregación segundo a situación profesional dos **traballadores por conta propia**, en concreto aos empresarios sen asalariados perden un 8,3% dos seus ocupados totais no último ano, 13.000 ocupados menos, dos que oito mil son mulleres. A evolución dos traballadores por conta propia ten especial importancia en Galicia, onde

a porcentaxe de empresarios sen asalariados sobre o total de ocupados é das máis altas do Estado, xunto con Castela-León e Extremadura.

No que respecta aos **asalariados**, no último ano increméntase un 0,5% o seu número, aumento favorecido polo incremento dos asalariados no sector público (5.900 máis), que compensa a redución de asalariados no sector privado (1.700 menos). Tras esta evolución, o número de asalariados situouse nas 779.500 persoas, un 0,5% máis que no ano anterior.

En termos absolutos, as ocupacións que presentan incremento no número de per-





soas son as de "Técnicos e profesionais científicos e intelectuais", con 14.300 ocupados máis, e "Traballador cualificado da industria manufacturera, construción, minaría, agás operadores", con 4.300 ocupados máis. Por contra, as ocupacións de "Traballadores cualificados do sector primario", con 9.400 ocupados menos, ou "Técnicos e profesionais de apoios", con 7.800 menos, son os que máis ocupados perden no último ano.

No que respecta aos niveis de formación, o 40,4% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores, fronte ao 42% de media no Estado, e o 53,8% dos ocupados, estudos secundarios ou equivalentes, fronte ao 50,5% de media estatal.

A redución de emprego afecta a todos os niveis de formación, salvo ás persoas que posúen estudos superiores, que presentan unha medra de 11.700 persoas ocupadas. Pola contra, rexístranse caídas no caso das persoas con educación secundaria e primaria, con 12.500 e 17.700 ocupados menos, respectivamente.

Tendo en conta a nacionalidade das persoas ocupadas no ano 2014, dos 8.400 ocupados menos en relación ao ano anterior, 7.300 son persoas de nacionalidade española (0,7% menos que en 2013). No último ano experimentouse tamén unha redución da poboación ocupada estranxeira, con 1.000 ocupados menos. Dende o ano 2008 a poboación estranxeira ocupada en Galicia descendeu un 28,5%, en torno a 15.300 ocupados menos. Esta cifra acádase porque a caída dos 17.500 ocupados que non pertencen á UE está en parte compensada polo incremento de ocupación de 2.200 persoas procedentes da UE.

A pesar de que a maior perda de poboación ocupada masculina favorece un leve achegamento entre as taxas de ocupación de ambos sexos (**cadro 2.1.6.**), segue existindo unha diferenza de 7,8 puntos porcen-

tuais entre ambas taxas de ocupación (8,2 puntos porcentuais no ano anterior).

• **Análise da temporalidade**

Tal como se anticipou, a maior caída do emprego no ano 2014 corresponde aos traballadores independentes ou empresarios sen asalariados, cunha perda de ocupación en torno a 13 mil persoas, fronte ao incremento do 0,5% dos asalariados que se produce no sector público e que compensa a redución de asalariados no sector privado. Segundo os datos da EPA, os asalariados do sector público no ano 2014 incrementáronse en 5.900 persoas, dos que 3.700 pertencen á Administración da Comunidade e 2.200, á Administración local.

No ano 2014 rómpese a tendencia de redución da taxa de temporalidade dos últimos anos (**cadro 2.1.12.**). Esta taxa, entendida como o cociente entre o número de asalariados con contrato temporal e o número total de asalariados, situouse en Galicia no 23,5% (22,8% no ano 2013), cinco décimas inferior á taxa de temporalidade media do conxunto do Estado. A diferenza do acontecido no ano precedente, a taxa de temporalidade do sector público aumenta nun punto porcentual, pasando do 17,8% ao 18,8% no ano 2014, mentres que a taxa de temporalidade do sector privado medra seis décimas, situándose no 24,9% no último ano.

Ao longo do último ano o número de persoas asalariadas con contrato temporal no sector privado en Galicia incrementouse en 3.500 persoas, mentres os contratos indefinidos no sector privado reducíronse en 5.200, o que tivo como consecuencia a redución en 1.700 asalariados no sector privado galego. Esta redución no sector privado ven acompañada dun ascenso en torno aos 5.900 asalariados no sector público, sector no que o número de asalariados con contrato temporal aumenta en

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2013-14: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo


	2013								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)								
					(%)				
Galicia	145,3	453,4	31,5	145,2	176,8	598,6	17,8	24,3	22,8
Homes	68,2	240,0	12,0	72,4	80,2	312,4	15,0	23,2	21,5
Mulleres	77,1	213,4	19,5	72,8	96,6	286,2	20,2	25,4	24,1
España	2.363,1	8.450,5	574,3	2.681,2	2.937,4	11.131,7	19,6	24,1	23,1
Homes	1.150,3	4.508,4	192,5	1.422,6	1.342,8	5.931,0	14,3	24,0	22,2
Mulleres	1.212,8	3.942,1	381,8	1.258,6	1.594,6	5.200,7	23,9	24,2	24,1

	2014								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)								
					(%)				
Galicia	148,4	448,2	34,3	148,7	182,7	596,9	18,8	24,9	23,5
Homes	68,4	232,4	12,3	78,6	80,7	311,0	15,2	25,3	23,2
Mulleres	80,0	215,8	22,0	70,1	102,0	285,9	21,6	24,5	23,7
España	2.335,3	8.521,8	590,6	2.838,2	2.925,9	11.360,0	20,2	25,0	24,0
Homes	1.148,1	4.520,0	211,2	1.531,7	1.359,3	6.051,7	15,5	25,3	23,5
Mulleres	1.187,2	4.001,8	379,4	1.306,5	1.566,6	5.308,3	24,2	24,6	24,5

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.12.

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-14: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

2.1.13.





Poboación ocupada en Galicia e España 2013-14: distribución segundo tipo de xornada de traballo


	2013					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	861,2	145,2	495,4	35,2	365,8	110,0
España	14.431,7	2.707,3	8.585,9	729,9	5.845,9	1.977,4
Galicia/España (%)	6,0	5,4	5,8	4,8	6,3	5,6

	2014					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	855,8	142,2	489,2	35,2	366,7	107,0
España	14.585,4	2.758,8	8.705,5	737,1	5.879,9	2.021,6
Galicia/España (%)	5,9	5,2	5,6	4,8	6,2	5,3

Fonte: INE, EPA

2.1.14.

Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo sexos



(1) 2008=100
Fonte: INE, EPA

2.1.15.

2.800 persoas, e en 3.100 os asalariados con contrato indefinido.

A taxa global de temporalidade no caso das mulleres descende no último ano catro décimas porcentuais en relación ao ano anterior, ao contrario do que acontece no caso dos homes, cun aumento de 1,7 puntos. Tras esta evolución, a taxa de temporalidade masculina no ano 2014, foi 23,2% e do 23,7% a feminina.

O número de persoas asalariadas con con-

tratos temporais aumenta na poboación masculina (6.500 contratados máis) e descende levemente na feminina (200 contratos menos). Pola contra, os contratos indefinidos a mulleres son 5.300 máis que no exercicio anterior, fronte á diminución de 7.400 contratos indefinidos no caso dos homes. A evolución da contratación nos últimos anos, consecuencia da crise económica e das políticas implementadas, ten como consecuencia a armonización dos tipos de contratos por sexos, reducíndose a fenda existente entre a contratación tempo-



ral en homes e mulleres, tendendo a igualarse as taxas de temporalidade en ámbolos dous sexos.

• Duración da xornada de traballo

No ano 2014 en Galicia, 14 ocupados de cada 100 tiñan un contrato a tempo parcial, fronte aos case 16 de media no conxunto do Estado. No caso galego, no ano 2014 diminúe levemente esta porcentaxe, dúas décimas menos que no ano 2013, fronte ao incremento dunha décima na media estatal.

Sen embargo, esta porcentaxe agacha unha forte diferenza entre homes e mulleres. Así, en Galicia no ano 2014, case 23 mulleres de cada 100 ocupadas tiñan un contrato a tempo parcial, fronte a só 7 homes de cada 100.

A poboación ocupada a tempo parcial en Galicia no ano 2014 redúcese un 2,1% para situarse en 142.200 persoas, en tanto que a poboación ocupada a tempo completo descendeu un 0,6% situándose nos 855.800 ocupados. Atendendo á desagregación segundo sexos, en 2014 había un total de 107.000 mulleres ocupadas a tempo parcial, un 2,7% menos que no ano anterior, fronte aos 35.200 homes (igual que no ano precedente).

Atendendo á distribución segundo grupos de idade, a poboación máis nova é a que ten unha maior porcentaxe da súa poboación ocupada con xornadas parciais. Así, máis do 21% de poboación entre 25 e 29 anos, máis do 35% da poboación entre 20 e 24 anos e máis do 57% da poboación entre 16 e 19 anos, están ocupados a tempo parcial. O 43,7% das mulleres ocupadas con idades entre 20 e 24 anos teñen unha xornada parcial fronte ao 28,5% dos homes.

Ao redor do 65% das persoas ocupadas a tempo parcial, tanto homes como mulleres,

Total

Nivel de formación acadado

Analfabetos
Estudios primarios
Educación secundaria primeira etapa
Educación secundaria segunda etapa
Educación superior

Tempo de procura de emprego

Xa atopou emprego
Menos de 1 mes
De 1 mes a menos de 3 meses
De 3 meses a menos de 6 meses
De 6 meses a menos de 1 ano
De 1 año a menos de 2 años
2 anos ou máis

Grupos de idade

16 - 19 anos
20 - 24 anos
25 - 34 anos
35 - 44 anos
45 - 54 anos
Máis de 55 anos

Fonte: INE, EPA

■ 2.1.16.

expoñen como motivo principal da súa situación non poder atopar un traballo de xornada completa; seguido no caso das mulleres polo coidado de nenos ou de adultos (10,2%), e no caso dos homes por seguir cursos de ensinanza ou formación (9,4%).

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. Nas actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares, 30 de cada 100 ocupados realizan unha xornada a tempo parcial, superando á hostalería, cun 25%, e ás actividades de información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 18%. Xunto a estas hai que subliñar o sector pesqueiro, co 15,2%, e a educación, co 16,5%. Entre os anos 2010 e 2014 as actividades que, en termos absolutos, presentan un maior incremento de traballo a tempo parcial son a hostalería





Distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

2013			2014								
Galicia			Galicia			Galicia / España			14/13		
Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
(en miles de persoas)						(%)			(en miles de persoas)		
152,5	132,1	284,6	144,6	131,2	275,8	5,0	4,9	4,9	-7,9	-0,9	-8,8
0,2	0,1	0,3	0,4	0,2	0,5	1,5	0,9	1,1	0,2	0,1	0,2
15,0	10,1	25,1	1,8	1,0	23,9	0,4	0,3	2,9	-13,3	-9,1	-1,2
76,7	48,8	125,5	12,0	9,2	122,8	1,0	1,0	5,6	-64,7	-39,7	-2,7
30,4	29,1	59,3	74,1	48,7	57,8	11,9	7,2	4,5	43,7	19,6	-1,5
30,2	43,9	74,1	27,8	43,0	70,8	5,1	6,0	0,1	-2,4	-0,9	-3,3
5,5	6,4	11,9	6,5	6,7	13,2	4,9	5,4	5,1	1,0	0,3	1,3
6,0	5,2	11,1	6,3	5,9	12,2	5,9	6,4	6,2	0,3	0,7	1,1
14,2	13,4	27,6	13,4	12,8	26,2	5,0	5,1	5,1	-0,9	-0,7	-1,5
14,1	13,8	27,9	11,5	11,5	23,0	4,4	4,7	4,6	-2,6	-2,3	-4,8
23,1	19,8	42,8	19,2	18,1	37,2	5,6	5,5	5,5	-3,9	-1,7	-5,6
35,5	27,6	63,1	28,8	25,5	54,3	5,1	4,9	5,0	-6,8	-2,0	-8,8
54,3	46,0	100,2	59,1	50,8	109,9	4,7	4,5	4,6	4,8	4,8	9,6
2,9	2,3	5,1	3,1	2,8	5,9	3,3	3,5	3,4	0,3	0,5	0,8
17,4	14,5	31,9	15,5	12,8	28,3	4,3	4,1	4,2	-1,9	-1,7	-3,6
43,1	39,2	82,3	38,1	36,6	74,7	5,2	5,2	5,2	-5,0	-2,5	-7,6
39,2	37,9	77,0	36,5	40,2	76,7	5,0	5,4	5,2	-2,7	2,3	-0,3
32,6	26,6	59,3	33,8	26,8	60,6	5,2	4,5	4,9	1,2	0,2	1,4
17,4	11,7	29,1	17,7	12,0	29,7	5,0	4,7	4,9	0,3	0,4	0,6

e o comercio por xunto e ao retallo, con 6.300 e 2.100 ocupados con xornada parcial máis, respectivamente.

● Poboación parada

A poboación parada estimada pola EPA para Galicia no ano 2014 é de 275.800 persoas, 8.800 menos que no ano anterior, o que supón un descenso do 3,1%, inferior ao descenso que se observa de media no Estado, que é do 7,3%. Por primeira vez dende o ano 2007, descende o volume de poboación parada e a taxa de paro en Galicia (**cadro 2.1.6.**).

O descenso no paro estimado no último ano favorece tanto a homes como a mulleres, aínda que de forma máis acusada no caso dos homes, cun descenso medio do 5,2% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 0,7% de descenso no caso das mulleres. En termos absolutos, dos aproxi-

madamente 8.800 parados menos estimados no conxunto do ano 2014, en torno a 7.900 persoas son homes e só 900 son mulleres (**cadro 2.1.9.**). Obsérvase, polo tanto, que fronte á maior resistencia á crise económica das taxas de emprego femininas, o número de mulleres paradas evoluciona de xeito máis negativo, con maiores aumentos e menores descensos que os volumes de desemprego estimado para os homes.

En relación ao desemprego estimado por idades, os grupos de idade que aumentan o número de desempregados son os comprendidos entre 16 e 19 anos, con 800 parados máis, e os maiores de 45 anos, con 2.000 persoas paradas máis que no ano anterior. No extremo contrario, o paro estimado entre as persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos cae un 9,2% en relación ao ano anterior (7.600 persoas menos), sendo este descenso do 11,2% (3.600 persoas) no caso do grupo de



Taxas de paro en Galicia e España 2008-14: distribución segundo grupos de idade

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	14/08
Menores de 25 anos								(en puntos porcentuais)
Galicia	21,05	30,4	35,4	37,7	45,2	49,9	48,5	27,5
España	24,45	37,7	41,5	46,2	52,9	55,5	53,2	28,8
De 16 a 19 anos								
Galicia	31,26	42,5	48,5	48,5	55,5	64,8	68,2	36,9
España	39,38	55,2	61,3	64,0	72,6	74,0	68,6	29,3
De 20 a 24 anos								
Galicia	18,62	27,8	32,5	35,5	43,5	48,1	45,8	27,2
España	20,16	33,3	36,9	42,3	48,9	51,8	50,3	30,2
Maiores de 25 anos								
Galicia	7,48	10,9	13,8	15,8	18,9	20,4	20,1	12,6
España	9,70	15,7	17,8	19,2	22,4	23,8	22,3	12,6
De 25 a 54 anos								
Galicia	7,80	11,5	14,6	16,8	20,0	21,3	21,0	13,2
España	10,07	16,3	18,4	19,9	23,3	24,5	22,8	12,7
De 55 e máis anos								
Galicia	5,59	7,2	9,1	10,6	12,7	15,1	15,2	9,6
España	7,06	11,5	13,5	14,4	17,3	19,4	19,3	12,3

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.17.

idades entre 20 e 24 anos e do 0,4% no das persoas de 35 a 44 anos (300 parados menos).

Das 162 mil persoas desempregadas máis estimadas no ano 2014 en relación ás do ano 2008, o 38% (61.000 persoas) teñen máis de 45 anos. Tanto o volume como as cargas familiares existentes, en xeral, neste grupo de idade, así como a baixa empregabilidade e a longa duración que se asocia ao paro nesta franxa de idade, fan especialmente preocupante o crecemento neste último ano do número de desempregados maiores de 45 anos.

Por outra banda o grupo de idade entre 25 e 34 anos reduce en 7.600 persoas o seu número de parados, pero tamén é o grupo de idade que no ano 2014 perde un maior volume de ocupación, con 11.200 ocupados menos. A perda de poboación activa nesta franxa de idade está directamente explicada pola perda de poboación. Así, a poboación entre 25 e 34 anos en Galicia no ano 2014 é un 5,8% inferior á existente no ano 2013, isto é case 21 mil persoas menos. En relación ao ano 2008, a perda de poboación total en Galicia é do 1,3%, acadando o 21% de redución na poboación entre 25 e 34 anos.

As estimacións da *Enquisa de Poboación Activa* reflicten que 109.900 persoas, o 40% da poboación parada galega leva máis de dous anos na procura de emprego, un 9,6% máis que no ano anterior.


A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2014 situouse no 21,7%, 2,7 puntos porcentuais por debaixo da media estatal, colocándose como a sétima taxa máis elevada do conxunto de Comunidades Autónomas. As taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (21,6% por 23,6% de media en España) como para as mulleres (21,7%, fronte ao 25,4% no Estado). As taxas de paro no último ano en Galicia reducíronse sete décimas no caso dos homes e mantivéronse practicamente estables para as mulleres, o que contrasta coa evolución das taxas de paro no conxunto do Estado, que, no caso dos homes redúcese en 1,6 puntos e en 2 puntos porcentuais para as mulleres.

A evolución das taxas de paro ao longo dos últimos anos mostra claramente o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en España. A pesar da leve redución, as taxas de paro dos menores de 25






Taxas de paro 2010-14: distribución segundo nivel formativo



Fonte: IGE, EPA

2.1.18.

Taxas de paro en Galicia e España 2009-13: distribución segundo nacionalidade



Fonte: INE, EPA

2.1.19.

anos sitúanse no ano 2014 no 48,5% (49,9% no ano 2013) sendo no conxunto do Estado do 53,2%; en tanto que as dos maiores de 25 anos acadan o 20,1% (tres décimas menos que no ano 2013).

Atendendo ao nivel de estudos rematados, no ano 2014 o número medio de desempregados baixou en todos os niveis de formación (agás analfabetos), en torno a 4,5 puntos nos niveis de estudos primarios e de

educación superior, e dous puntos nos niveis intermedios tanto na primeira como na segunda etapa de educación secundaria.

Tal como se observa no **cadro 2.1.17.**, existe unha relación inversa entre paro e nivel formativo: as taxas de paro son menores canto maior é o nivel de formación. Por outra banda, en relación ao ano 2010, o menor incremento na taxa de paro prodúcese nas persoas con educación superior.



Se a análise se fai atendendo á nacionalidade das persoas, o **cadro 2.1.19.** mostra como as taxas de paro das persoas estranxeiras son moi superiores ás de nacionalidade española tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Con todo, o incremento na Comunidade Autónoma entre os anos 2008 e 2014 é superior á media estatal. Neste senso, entre os dous anos considerados a taxa de paro para estranxeiros medra en Galicia case 22 puntos porcentuais, para situarse en 34,9% no ano 2014 (aumenta 17 puntos de media en España) en tanto que no caso das persoas de nacionalidade española esta medra é de 12,6 puntos, tres décimas menos que no Estado, ascendendo a taxa de paro ata o 21%.

A análise dos niveis de poboación parada estimada a nivel provincial reflicte que no ano 2014 redúcese o paro estimado nas catro provincias galegas, rexistrándose o maior descenso, tanto en termos porcentuais como absolutos, na provincia de Ourense, con 4.400 persoas paradas menos que no ano 2013 (4,4% menos). A pesar da redución de 1.700 persoas no último ano, Pontevedra segue a ser a provincia con maior número de parados (110.500) seguida de A Coruña (107.500).

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

O paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia, tal como acontece co paro estimado pola EPA, experimenta no ano 2014 un descenso, por primeira vez dende o ano 2007. No ano 2014 o paro rexistrado en Galicia diminúe un 6,9% en relación ao ano anterior, porcentaxe superior ao descenso medio estatal (5,6%).

O número de persoas paradas rexistradas baixou de media en Galicia ao longo do ano 2014 en torno ás 19.000 persoas, fronte a un incremento superior ás cinco mil persoas en 2013. En total, no último ano estaban re-

xistradas 257.000 persoas, o 5,6% do paro rexistrado de media en España.

Os datos mensuais do paro rexistrado, recollidos no **cadro 2.1.20.**, reflicten unha baixada continúa nos oito primeiros meses do ano, e un aumento nos catro últimos meses. En termos de taxas de variación interanual, o **cadro 2.1.21.** mostra unha redución do paro rexistrado en todos os meses do ano, caída que resulta máis acusada no segundo semestre.

Ao igual que acontece para o conxunto da Comunidade Autónoma, o paro rexistrado nas catro provincias galegas baixa en relación ao ano anterior, sendo A Coruña a provincia que máis reduce en termos absolutos o volume de paro rexistrado (8.177 parados rexistrados menos), e correspondendo á provincia de Lugo o maior descenso en termos de taxa interanual (-8,2%).

A análise sectorial reflicte un descenso do paro rexistrado en todos os sectores de actividade, destacando o descenso do 17% no paro rexistrado no sector da construción, do 9,1% na industria, do 4% nos servizos e do 2% na agricultura e pesca. Tras esta evolución, o sector servizos acolle un total de 156.255 parados, o 60,8% dos parados rexistrados galegos (63,8% en España), seguíndolle en importancia o sector da construción, con máis de 35 mil parados, o 13,8% (12,7% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados nas actividades industriais están tamén en torno ás 35 mil persoas, o 13,7% do total galego (10,4% en España) e no sector primario 8.800 persoas, o 3,4% (4,7% de media a nivel estatal) (**cadro 2.1.22.**).

En termos de taxas de variación, o sector no que en Galicia se incrementa máis o paro rexistrado dende o ano 2008 é a construción (80,3%), seguido do sector primario (76%), dos servizos (74%) e da industria (39%). Tan só o sector industrial e o colectivo sen em-






Paro rexistrado en Galicia e España 2008-14 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,40	7,9	24,6
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,9	43,5
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,7	11,4
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,7	4,8
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,1	10,9
2013	276,0	4.845,3	5,70	2,0	2,6
2014	257,0	4.575,9	5,62	-6,9	-5,6
xaneiro	281,1	4.814,4	5,84	-3,3	-3,3
febreiro	280,1	4.812,5	5,82	-4,4	-4,5
marzo	276,5	4.795,9	5,76	-5,1	-4,8
abril	270,1	4.684,3	5,77	-7,0	-6,1
maio	263,4	4.572,4	5,76	-7,2	-6,5
xuño	252,3	4.449,7	5,67	-7,7	-6,6
xullo	240,3	4.419,9	5,44	-8,0	-5,9
agosto	236,9	4.427,9	5,35	-8,0	-5,8
setembro	238,2	4.447,7	5,36	-8,6	-5,9
outubro	244,0	4.526,8	5,39	-9,0	-5,9
novembro	248,6	4.512,1	5,51	-8,2	-6,2
decembro	251,9	4.447,7	5,66	-7,1	-5,4

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

2.1.20.

Paro rexistrado 2008-14: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

2.1.21.



Paro rexistrado en Galicia e España 2013 (1): distribución segundo sector de actividade


2014

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
(en miles de persoas)						
Galicia	256.960	8.844	35.323	35.591	156.255	20.948
A Coruña	100.798	2.533	13.568	15.168	61.604	7.924
Lugo	25.443	1.102	2.450	3.731	16.012	2.148
Ourense	27.898	1.260	3.977	3.753	16.511	2.397
Pontevedra	102.821	3.949	15.327	12.939	62.127	8.479
España	4.575.937	216.802	473.938	582.442	2.919.642	383.114

14/13

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
(%)						
Galicia	-6,9	-2,0	-9,1	-17,0	-4,0	-6,8
A Coruña	-7,5	-5,2	-9,2	-15,7	-4,9	-7,3
Lugo	-8,2	-3,7	-12,7	-18,5	-5,1	-7,6
Ourense	-6,9	-2,9	-9,1	-15,1	-4,5	-6,7
Pontevedra	-6,0	1,1	-8,5	-18,6	-2,6	-6,1
España	-5,6	7,6	-10,5	-17,3	-3,7	1,7

(taxas de variación interanuais)



(1) medias anuais

Fuente: IGE, Demandas de emprego e colocacións; Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Movimiento laboral registrado

2.1.22.

prego anterior, cun 6,9% de paro rexistrado menos que no ano 2008, presentan unha taxa de variación inferior á media galega (58%).

En termos absolutos, do incremento de máis de 94 mil parados rexistrados experimentado entre 2008 e 2014, case tres cuartas partes (66.348 persoas) pertencen ao sector servizos, o 17% ás actividades da construción (15.855 parados máis), un 11% ao sector industrial (9.970 persoas) e un 4% ás actividades do sector primario (3.819).

Contratación

Seguindo a tendencia do ano anterior, no ano 2014 novamente se incrementa o número total de contratos rexistrados en Galicia un 11,2%, 79.415 contratos máis, acadando un total de 786.193 contratos, o que representa o 4,7% do total estatal. Destas contratacións, 764.116 corresponden a contratos iniciais (o 4,7% dos rexistrados en España) e 22.077, a contratos convertidos en indefinidos (o 5,3% das conversións estatais).





Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2014: distribución segundo tipo

	Total	Homes	Mulleres	Galicia/España	14/13	
					Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	39.712	20.897	18.815	4,2	26,0	27,3
Indefinido ordinario	39.301	20.661	18.640	4,2	26,0	27,4
Indefinido minusválidos	411	236	175	5,7	26,1	18,1
Contratos de duración temporal	724.404	384.961	339.443	4,7	10,9	12,6
Obra ou servizo	277.290	167.735	109.555	4,2	8,4	12,6
Eventual segundo circunstancias da produción	332.063	171.478	160.585	4,8	13,0	13,2
Interinidade	80.523	24.167	56.356	5,5	9,3	8,0
Temporais pers. discapacidade	1.014	584	430	5,5	15,5	12,8
Relevo	1.041	532	509	7,1	40,7	20,4
Xubilación parcial	1.527	1.018	509	6,3	68,0	56,6
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	12	2	10	1,9	-57,1	-11,1
Contrato en prácticas	3.629	1.771	1.858	5,8	32,5	29,2
Contrato para a formación	10.000	4.909	5.091	7,1	19,7	31,8
Outros contratos	17.305	12.765	4.540	17,8	7,4	-2,3
Contratos convertidos en indefinidos	22.077	11.463	10.614	5,3	-0,9	3,7
Total contratos	786.193	417.321	368.872	4,7	11,2	13,1

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.23.

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2014: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/España
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	(%)
Contratos de duración indefinida												
Indefinido (bonificado/non bonificado)	39.301	1.815	2.935	7.402	3.035	5.474	1.797	3.094	6.101	2.458	5.190	4,2
Indefinido persoas con discapacidade	411	8	18	72	39	99	8	12	58	29	68	5,7
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	277.290	19.612	27.322	59.841	22.023	38.937	15.064	19.735	36.469	13.482	24.805	4,2
Eventual segundo circunstancias da produción	332.063	25.666	32.575	63.759	20.328	29.150	28.187	30.387	53.022	18.954	30.035	5,5
Interinidade	80.523	2.688	4.542	9.453	2.947	4.537	5.374	9.597	17.966	8.194	15.225	5,5
Temporais persoas con discapacidade	1.014	24	58	202	98	202	19	48	135	85	143	5,5
Relevo	1.041	24	114	219	77	98	24	80	150	84	171	7,1
Xubilación parcial	1.527					1.018					509	6,3
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	12		1	1				1	6	2	1	1,9
Contrato en prácticas	3.629	866	710	182	6	7	869	770	190	15	14	5,8
Contrato para a formación	10.000	3.143	1.364	127	74	201	3.004	1.732	156	68	131	7,1
Outros contratos	17.305	1.005	1.295	3.310	1.906	5.249	901	929	1.623	403	684	17,8
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	5.959	174	509	1.363	440	762	124	488	1.095	362	642	6,2
Eventual segundo circunstancias da produción	14.243	726	1.247	2.778	958	1.496	856	1.534	2.657	876	1.115	5,0
Interinidade	441	14	45	88	18	31	24	64	102	27	28	4,6
Temporais para persoas con discapacidade	184	1	5	35	12	65	0	8	22	12	24	5,4
Relevo	410	4	50	150	31	39	3	22	70	18	23	5,8
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	6	0	1	1	0	1	0	0	2	0	1	4,7
Contrato en prácticas	534	73	136	37	1	4	74	166	38	2	3	5,0
Contrato de relevo	470	5	59	160	42	38	1	29	102	12	22	8,9
Contrato para a formación	229	82	44	2	1	0	53	38	9	0	0	8,1
Outros contratos	11	0	0	2	3	4	0	0	1	0	1	6,1

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.24.



CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL

Contratos de trabajo de duración temporal 2014

	Total	Contratos de duración ata 6 meses						Contratos de máis de 6 meses	Subtotal	Contratos de duración indeterminada
		Total	<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Por obra ou servizo det.	277.290	60.596	42.829	2.610	3.171	7.376	4.610	5.060	65.656	211.634
Eventuais por cc. produción	332.063	325.687			< 1 mes	1-3 meses	3-6 meses	6.376	332.063	-
Interinidade	80.523	36.742	14.236	7.690	8.157	4.508	2.151	417	37.159	43.364
Temporais para discapacidade	1.014							1.014	1.014	
De relevo	1.041	45	7		2	15	21	996	1.041	-
Xubilación Parcial	1.527	37	17			4	16	1.354	1.391	136
Substitución xub. 64 anos	12							12	12	-
Prácticas	3.629	2.497					<=6 meses	1.132	3.629	-
Formación	10.000	1.769					<=6 meses	8.231	10.000	-
Outros	17.305	16.211	15.287	24	9	22	869	301	16.512	793
Total	724.404	443.584	72.376	10.324	234.847	77.429	48.608	24.893	468.477	255.927
% / total	100	61,2	10,0	1,4	32,4	10,7	6,7	3,4	64,7	35,3

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.25.

Contratos iniciais de trabajo 2013-14: distribución segundo sector económico

	Total			Agricultura			Industria		
	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	31.194	39.301	26,0	3.451	3.784	9,6	2.905	4.135	42,3
Persoas con discapacidade	326	411	26,1	4	11	175,0	28	41	46,4
Obra ou servizo	255.809	277.290	8,4	13.497	15.227	12,8	28.862	46.524	61,2
Eventual circunstancias produción	293.771	332.063	13,0	4.027	4.647	15,4	19.031	43.790	130,1
Interinidade	73.639	80.523	9,3	1.119	979	-12,5	4.303	8.796	104,4
Temporal persoas discapac.	878	1.014	15,5	13	17	30,8	104	132	26,9
Relevo	740	1.041	40,7	4	1	-75,0	335	321	-4,2
Xubilación parcial	909	1.527	68,0	6	3	-50,0	380	582	53,2
Sustitución xubilación 64 anos	28	12	-57,1	-	-	-	2	-	-100,0
Prácticas	2.738	3.629	32,5	9	6	-33,3	400	564	41,0
Formación	8.355	10.000	19,7	142	181	27,5	655	744	13,6
Outros contratos	16.120	17.305	7,4	5	8	60,0	24	28	16,7
Total	684.507	764.116	11,6	22.277	24.864	11,6	57.029	105.657	85,3

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.26.





O incremento de contratación no ano 2014 favorece tanto aos contratos de duración indefinida como aos de duración temporal, sen distinción de sexo (**cadro 2.1.23.**). En relación ao ano anterior, o número total de contratos indefinidos increméntase nun 26%, porcentaxe lixeiramente inferior á taxa rexistrada no conxunto do Estado (27,3%), situándose nos 39.712 contratos (18.192 contratos máis), dos que 20.897 foron asinados por homes (4.525 máis que no ano precedente) e os 18.815 contratos restantes (3.667 máis), por mulleres.

Dos 8.107 novos contratos indefinidos ordinarios e de fomento do emprego asinados no ano 2014, 3.620 son asinados por mulleres, e 4.487 por homes. Por grupos de idade, non existen diferenzas importantes entre homes e mulleres, de xeito que en torno ao 39% dos novos contratos asínanse por persoas entre 30 e 39 anos, tanto no caso de homes como mulleres, e o 19% dos novos contratos indefinidos son asinados

por persoas maiores de 45 anos (**cadro 2.1.24.**).

O 79% dos novos contratos indefinidos asinados por homes son a tempo completo, fronte ao 48,5% dos asinados por mulleres. Así mesmo, o 44% dos contratos indefinidos novos asinados por mulleres son a tempo parcial, fronte a só o 21,3% dos asinados por homes.

No que respecta á contratación temporal, no último ano rexistráronse un total de 724.404 contratos de duración temporal (92% do total de contratos asinados en 2014 en Galicia), dos que 384.961 foron asinados por homes (39.760 contratos máis) e os restantes 339.443, por mulleres (31.657 contratos máis).

No último ano aumentan os contratos iniciais de duración temporal, nun 10,9%, (1,7 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado), o que implica 71.417 contratos temporais máis que no ano 2013. Tendo en conta os tipos de contratos de duración temporal, obsérvase un importante crecemento dos contratos eventuais segundo circunstancias da produción e dos contratos por obra e servizo (38.292 e 21.481 contratos máis que no ano anterior). Tan só os contratos de substitución por xubilación aos 64 anos descenden en relación ao ano anterior.

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao acoller o 45,8% e o 38,3% da contratación temporal total, respectivamente. Tal como acontece nas novas contratacións indefinidas, as porcentaxes de homes que asinan contratos de obra ou eventuais a tempo completo son maiores que para o caso das mulleres, e de xeito paralelo, as mulleres asinan máis contratos de obra ou eventuais a tempo parcial.

co

Construcción			Servizos		
2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
2.801	3.147	12,4	22.037	28.235	28,1
19	20	5,3	275	339	23,3
30.285	31.324	3,4	183.165	184.215	0,6
8.279	9.690	17,0	262.434	273.936	4,4
318	336	5,7	67.899	70.412	3,7
27	47	74,1	734	818	11,4
29	8	-72,4	372	711	91,1
37	37	0,0	486	905	86,2
2	-	-100,0	24	12	-50,0
188	205	9,0	2.141	2.854	33,3
577	758	31,4	6.981	8.317	19,1
91	131	44,0	16.000	17.138	7,1
42.653	45.703	7,2	562.548	587.892	4,5



Contratos de traballo en Galicia e España 2014: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/España
	(% / total)		(% / total)		(%)
Sector primario	24.864	3,3	2.678.754	16,4	0,9
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	24.864	3,3	2.678.754	16,4	0,9
Industria	105.657	13,8	1.531.789	9,4	6,9
Industrias extractivas	721	0,1	7.695	0,0	9,4
Industria manufacturera	101.027	13,2	1.431.553	8,8	7,1
Suministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	291	0,0	5.039	0,0	5,8
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	3.618	0,5	87.502	0,5	4,1
Construción	45.703	6,0	1.059.622	6,5	4,3
Servizos	587.892	76,9	11.042.415	67,7	5,3
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	84.762	11,1	1.597.567	9,8	5,3
Transporte e almacenamento	69.622	9,1	836.139	5,1	8,3
Hostalería	160.170	21,0	2.910.445	17,8	5,5
Información e comunicación	15.445	2,0	310.349	1,9	5,0
Actividades financeiras e seguros	4.222	0,6	80.750	0,5	5,2
Actividades inmobiliarias	1.081	0,1	40.762	0,2	2,7
Activ. prof. cient.e tecn.	21.724	2,8	490.020	3,0	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	68.153	8,9	1.702.780	10,4	4,0
Admón. publ. def. e sso.	16.852	2,2	448.436	2,7	3,8
Educación	27.833	3,6	515.823	3,2	5,4
Activ. san. e serv. soc.	37.463	4,9	965.922	5,9	3,9
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	52.219	6,8	640.997	3,9	8,1
Outros servizos	18.559	2,4	271.392	1,7	6,8
Actividades do fogar	9.773	1,3	226.314	1,4	4,3
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	14	0,0	4.719	0,0	0,3
Total	764.116	100,0	16.312.580	100,0	4,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.27.

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2013-14 ⁽¹⁾

	2013		2014		14/13	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	64	214.997	62	273.913	-2	58.916
Aragón	32	67.215	29	94.035	-3	26.820
Asturias	18	32.070	18	35.702	0	3.632
Baleares	12	15.688	12	18.597	0	2.909
Canarias	24	85.043	20	97.320	-4	12.277
Cantabria	15	22.695	13	31.249	-2	8.554
Castela - A Mancha	30	62.260	27	76.903	-3	14.643
Castela e León	25	117.722	20	130.398	-5	12.676
Cataluña	97	407.526	92	483.313	-5	75.787
C. Valenciana	66	299.875	61	363.219	-5	63.344
Extremadura	6	8.579	5	9.220	-1	641
Galicia	23	98.811	21	109.169	-2	10.358
A Coruña	18	38.200	16	40.636	-2	2.436
Lugo	7	5.727	7	6.671	0	944
Ourense	8	4.788	8	5.389	0	601
Pontevedra	18	50.096	16	56.473	-2	6.377
Madrid	97	345.760	86	387.751	-11	41.991
Murcia	44	265.567	42	325.383	-2	59.816
Navarra	22	65.055	21	81.243	-1	16.188
País Vasco	44	107.220	41	122.469	-3	15.249
A Ríoxa	10	16.566	10	22.286	0	5.720
Total	276	2.232.649	263	2.662.170	-13	429.521

(1) ETTs con autorización segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo; datos a 30 de xuño de cada ano
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas de traballo temporal*

2.1.28.





A consecuencia do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, o 35,3% dos contratos temporais (255.927 contratos) teñen unha duración indeterminada. Entre os contratos cunha duración concreta, só unha mínima parte asínanse por máis de seis meses (só 24.893 dun total de 443.584 contratos). A este respecto, e tal como se mostra no **cadro 2.1.26.**, máis da metade dos contratos temporais de duración ata 6 meses son contratos de duración entre 15 días e 1 mes e un 16,3%, de sete ou menos días.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais no ano 2014, o **cadro 2.1.27.** mostra como setenta e sete de cada cen contratos son asinados polo sector servizos, acollendo a industria o 13,8%, a construción o 6% e o restante 3,3% o sector primario. De xeito máis detallado, o 21% das contratacións pertencen á rama de "Hostalería", con 160.170 contratos, por diante do "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor", con 84.762 contratos (o 11,1%); o "Transporte e almacenamento", con 69.622 contratos (9,1%) e das "actividades administrativas e servizos auxiliares", con 68.153 contratos, o 8,9 % dos totais.

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación das industrias extractivas, que representan o 9,4% do total estatal, así como do transporte e almacenamento, cun 8,3%, das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 8,1%, ou das industrias manufactureiras, cun 7,1%.

Atendendo á desagregación sectorial segundo tipo de contrato, no sector servizos destaca polo seu número o contrato eventual por circunstancias da produción. Así, dos 25 mil novos contratos asinados neste sector no ano 2014 en Galicia, 11.500 foron contratos eventuais. O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (15,2% do total de

contratos), seguido da construción (6,9%); o sector servizos (4,8%) e a industria (3,9%) se sitúan por debaixo da media galega (5,1%).

O número de contratos xestionados a través de empresas de traballo temporal medra novamente no ano 2014. Neste último exercicio, o número total de contratos de posta a disposición asinados polas ETT en Galicia foi de 109.169, o que indica un incremento de 10.358 contratos. A importancia relativa do número de contratos de posta a disposición en Galicia no total estatal foi do 4,1% fronte ao 4,4% do ano anterior.

Poboación inactiva

A poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

En Galicia, o número de inactivos no ano 2014 era de 1.094.700 persoas, o 7% do total estatal. Corenta e seis de cada cen inactivos galegos son persoas cunha pensión de xubilación ou prexubilados (508.200 persoas), que representan o 8,6% do total do Estado. En segundo lugar en canto a número de persoas, están as dedicadas a "labores do fogar", con 217.700 persoas, maioritariamente mulleres (85%) (**cadro 2.1.29.**).

No ano 2014, tal como aconteceu no ano anterior, a poboación inactiva aumenta en 3.300 persoas, un 0,3% en relación ao ano anterior. Este aumento dáse exclusivamente

Poboación inactiva en Galicia e España 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	Galicia							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2014/08
	(en miles de persoas)							(%)
Total	1.086,3	1.087,5	1.102,5	1.086,9	1.077,5	1.091,4	1.094,7	0,8
Homes	422,8	438,2	447,2	448,6	447,5	458,0	465,3	10,1
Mulleres	663,5	649,2	655,2	638,4	630,0	633,3	629,5	-5,1
Estudiante	147,9	144,4	153,3	150,6	141,7	133,9	135,9	-8,1
Homes	65,5	68,0	71,9	70,1	69,8	66,3	67,8	3,5
Mulleres	82,4	76,4	81,3	80,4	71,9	67,6	68,2	-17,2
Xubilado	468,4	474,6	480,8	488,4	492,8	499,2	508,2	8,5
Homes	263,3	271,1	276,8	280,1	280,7	286,1	291,5	10,7
Mulleres	205,2	203,5	204,0	208,3	212,0	213,1	216,7	5,6
Labores do fogar	240,0	230,7	235,8	217,8	216,8	223,8	217,7	-9,3
Homes	21,6	21,7	25,1	25,8	25,1	32,6	32,7	51,4
Mulleres	218,4	208,9	210,6	192,0	191,7	191,2	185,1	-15,2
Incapacidade permanente	111,8	114,3	112,0	91,9	94,2	102,0	93,9	-16,0
Homes	50,8	53,6	55,4	45,8	46,0	50,1	49,2	-3,1
Mulleres	61,0	60,7	56,6	46,1	48,2	51,9	44,7	-26,7
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	104,6	105,6	118,4	112,3	113,7	121,6	24,6
Homes	8,6	9,8	7,1	14,5	12,6	10,8	12,5	45,3
Mulleres	89,0	94,7	98,5	103,8	99,6	102,9	109,1	22,6
Outra	20,5	18,9	15,1	19,9	19,7	18,7	17,3	-15,6
Homes	13,0	13,9	10,9	12,2	13,2	12,1	11,7	-10,0
Mulleres	7,5	5,0	4,2	7,7	6,5	6,6	5,7	-24,0
	España							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2014/08
	(en miles de persoas)							(%)
Total	15.324,6	15.390,5	15.395,5	15.408,2	15.371,3	15.448,5	15.560,0	1,5
Homes	5.747,8	5.953,5	6.056,5	6.174,1	6.246,4	6.339,6	6.415,3	11,6
Mulleres	9.576,7	9.437,1	9.339,0	9.234,2	9.124,9	9.108,8	9.144,7	-4,5
Estudiante	2.259,2	2.341,1	2.434,9	2.477,3	2.460,6	2.305,2	2.372,6	5,0
Homes	1.049,9	1.102,8	1.168,9	1.203,6	1.203,6	1.124,2	1.169,8	11,4
Mulleres	1.209,3	1.238,3	1.266,0	1.273,7	1.257,1	1.181,0	1.202,8	-0,5
Xubilado	5.181,3	5.253,9	5.384,5	5.541,6	5.590,4	5.754,9	5.885,7	13,6
Homes	3.503,7	3.566,6	3.622,9	3.702,3	3.737,6	3.820,7	3.859,5	10,2
Mulleres	1.677,6	1.687,3	1.761,6	1.839,3	1.852,9	1.934,2	2.026,2	20,8
Labores do fogar	4.606,3	4.404,1	4.246,0	4.054,0	3.946,6	3.972,9	3.939,5	-14,5
Homes	285,6	324,8	330,3	327,8	352,3	417,0	424,2	48,5
Mulleres	4.320,8	4.079,3	3.915,7	3.726,3	3.594,3	3.555,8	3.515,3	-18,6
Incapacidade permanente	1.099,8	1.179,4	1.175,1	1.159,9	1.188,2	1.284,5	1.272,9	15,7
Homes	472,9	521,6	520,4	506,3	533,0	582,7	583,9	23,5
Mulleres	627,0	657,8	654,7	653,7	655,3	701,8	689,0	9,9
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	1.796,6	1.835,0	1.803,3	1.798,3	1.817,8	1.764,0	1.751,5	-2,5
Homes	170,5	171,6	164,9	179,0	169,0	147,9	154,2	-9,6
Mulleres	1.626,0	1.663,4	1.638,4	1.619,3	1.648,7	1.616,0	1.597,2	-1,8
Outra	381,3	377,1	351,7	377,1	367,6	367,0	337,8	-11,4
Homes	265,2	266,2	249,0	255,2	250,9	247,1	223,7	-15,6
Mulleres	116,1	111,0	102,7	121,9	116,7	119,9	114,2	-1,6

(1) en medias anuais
Fonte: INE, EPA

2.1.2.9.





nos homes (7.300 inactivos máis), fronte ao descenso en 3.800 das mulleres en situación de inactividade.

Dentro das causas de inactividade, baixou o número de persoas dedicadas ás labores do fogar, das persoas incapacitadas permanentes, e do grupo de outras situacións. Por contra, increméntase o número de estudantes (2.000 máis), xubilados (9.000 máis) e perceptores de pensións distintas á de xubilación (7.900 máis). □

